



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 39/2014

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN, ALEVÍN E INFANTIL DE PISTA AIRE LIBRE

Vigo, 7 de xuño do 2014

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organizará o Campionato Galego benxamín, alevín e infantil de pista aire libre que terá lugar nas Pistas de Balaídos o vindeiro sábado, **7 de Xuño** do 2014, en xornada de mañá e tarde.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas con licenza F.G.A. durante a tempada actual (2013/14) por algún club pertencente a Comunidade Galega

Art.3) Sistema de competición.

- **Participantes.**

Clasificaranse as 16 mellores marcas dos atletas inscritos en cada proba. Todos os atletas deberán ter acreditada unha marca oficial na proba na que se inscriben, debendo reflectila na inscrición (non se admitirá ningún atleta sen marca).

- **Participacións máximas.**

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas do programa e categoría. No caso de ser carreiras, sómentes unha poderá superar os 250m.

- **Número de intentos.**

Nos concursos non haberá paso á mellora. No lanzamento de peso e salto de lonxitude cada participante poderá realizar 3 intentos.

Art.4). As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 3 de xuño do 2014**. Non se terán en conta as inscricións sen marca acreditada.

Art.5). Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.7). Naquelas probas nas que non se disputen finais por categorías, consideraranse merecedoras das medallas, en cada categoría, as tres mellores marcas conseguidas nas series. Nos concursos serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que consigan as tres mellores marcas de cada unha das categorías.

Art.8). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás na pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.9). Durante o transcurso do Campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificara nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na ronda seguinte ou ben que confirmara a súa inscrición e non participe.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Art.10). Programa de probas.

CATEGORIA MASCULINA		CATEGORIA FEMININA		CATEGORIA INFANTIL	
Benx	Alev	Benx	Alev	Homes	Mulleres
50	60	50	60	80	80
500	500	500	500	150	150
1000	1000	1000	1000	500	500
	2000		2000	1000	1000
1000 marcha	2000 marcha	1000 marcha	2000 marcha	3000	3000
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	80v (0.84)	80v (0.76)
Altura	Altura	Altura	Altura	220v (0.76)	220v (0.76)
Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 1kg	Peso 2kg	1000 Obstáculos	
				3000 marcha	3000 marcha
				Peso (3kg)	Peso (3kg)
				Altura	Altura
				Lonxitude	Lonxitude
				Triple	Triple
				Pértega	Pértega
				Disco (800gr)	Disco (800gr)
				Xavalina (500gr)	Xavalina (400gr)
				Martelo (3kg)	Martelo (3kg)

Art.11). Horario provisional (publicarase o horario definitivo o mércores antes da competición con as inscricións e as cadencias).

XORNADA DE MAÑA (ALEVIN-BENXAMIN)						
HORA	PROBA					
10.30	Final A-B	50 BENX Homes	Altura AH	Altura BH	Peso AM (2 kg)	Lonxitude AH
10.45	Final A-B	50 BENX Mulleres				
11.00	Final A-B	60 ALE Homes				
11.15	Final A-B	60 ALE Mulleres			Peso AH (2 kg)	Lonxitude BM
11.30	FINAL	500 BEN Homes				
11.40	FINAL	500 BEN Mulleres				
11.50	FINAL	500 ALV Homes				
12.00	FINAL	500 ALV Mulleres			Peso BM (1k)	Lonxitude BH
12.10	FINAL	2.000 ALV Homes				
12.25	FINAL	2.000 ALV Mulleres	Altura BM	Altura AM		
12.40	FINAL	1.000 BEN Homes				
12.45					Peso BH (1 kg)	Lonxitude AM
12.50	FINAL	1.000 BEN Mulleres				
13.00	FINAL	1.000 ALV Homes				
13.10	FINAL	1.000 ALV Mulleres				
13.20	Calle5	1000 marcha BEN				
	Calle 1	2000 marcha ALE				



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

XORNADA DE TARDE (INFANTIL)

HORA	PROBA					
16.30	Final A-B	80v. Homes	Disco Homes (800gr)	Altura Homes	Peso Mulleres (3 kg)	Lonxitude Mulleres
16.40	Final A-B	80v Mulleres				
16.50		500 Homes				
17.00		500 Mulleres				
17.10	FINAL	150 Homes				
17.20	FINAL	150 Mulleres			Peso Homes (3kg)	Lonxitude Homes
17.30	FINAL	1.000 Homes	Disco Mulleres (800gr)			
17.40	FINAL	1000 Mulleres				
17.55	FINAL	3000 Homes				
18.00					Xavalina Mulleres (400gr)	
18.15	FINAL	3000 Mulleres		Altura Mulleres		
18.30			Martillo H-M (3kg)			Triple Mulleres
18.45	FINAL	80 Homes				
18.55	FINAL	80 Mulleres				
19.00					Xavalina Homes (500gr)	
19.05	FINAL	1000 Obstáculos				
19.15	FINAL	220v Homes				Triple Homes
19.25	FINAL	220v Mulleres				
19.35		3000 Marcha H-M				

- Pendente de incluír a pértega

HORARIO LÍMITE SAÍDA PISTA (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto)

Carreiras 10 m. antes hora oficial da proba
Concursos 30 m. “

***Cámara de chamadas 10m antes da saída á pista**

Art.12). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexa inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.13) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase dacordo, por esta orde cas normas da F.G.A, R.F.E.A. e I.A.A.F.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Na Coruña 15 de Maio do 2014

Asdo. Victor Arufe Giráldez

Secretario Xeral FGA
